



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, E O CONCELLO DE VIGO, PARA AMPLIACIÓN DO CEIP ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o momento en que rematen as actuacións previstas na cláusula segunda.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dos mecanismos de colaboración necesarios entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Vigo para a ampliación do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao, de acordo co establecido na cláusula segundo do Convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

As previsións de crecemento da poboación do barrio de Navia en Vigo son chegar aos 9.000 habitantes, tendo en conta que se pasou de pouco máis de 7.000 residentes no ano 2013 a máis de 8.400 no 2015. Este crecemento explícase polo desenvolvemento do polígono con novos edificios residenciais ocupados na súa maior parte por poboación moza.

Esta evolución xustifica o aumento de matrícula no centro escolar da zona.

EVOLUCIÓN DA MATRÍCULA NO CENTRO:

Nome Centro	Total	Total	Total	Total	Total	Total
	2009/2010	2010/2011	2011/2012	2012/2013	2013/2014	2014/2015
CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	165	188	200	210	218	220

Así, o CEIP actual conta cunha liña de infantil e primaria, é dicir, un grupo por curso escolar (9 grupos), sendo necesario ampliar a liña 3, tendo en conta o incremento do





alumnado do centro en máis dun 25% nestes 5 últimos anos e a previsión de crecemento futuro.

A necesidade de ampliación ven fundamentada nos datos de evolución da matrícula no centro, sendo necesaria, para a construción do novo aulario de infantil de liña 3, prevista na fase I de ampliación do centro, a posta a disposición dunha parcela lindeira por parte do concello de Vigo

A parcela proposta é de titularidade do concello, sendo necesaria a posta a disposición da mesma con todos os servizos urbanísticos e libre de cargas e gravames, para levar a cabo a execución do novo centro escolar

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

